

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

ENTREVISTA

Xesús González Gómez editor do seu amigo Xoán-Manuel Casado


O pasado 27 de xaneiro presentouse no Centro Galego "Crónica persoal", a poesía completa de Xoán-Manuel Casado, finado en 2002. Xesús González Gómez, ou XGG, ben coñecido polo seu labor como crítico, foi amigo do escritor e encargouse de recuperar toda a súa obra, publicada e inédita, para este libro publicado polo PEN Club galego. Unha entrevista de **Xabier Paradelo**.

- 16:22 07/02/2007

No seu limiar di que Casado, como Gabriel Ferraté, pensaban que o poema tiña que ser claro como unha operación aritmética.

Xoán-Manuel gostaba dunha poesía clara, sen malabarismos formais nin mesmo lingüísticos, fuxía dunha poesía que non fose clara nos seus resultados, como a operación aritmética. É dicir, engadir elementos que poden dunha maneira ou outra ser confusos ou inintelixíbeis nun momento dado, mais cando dan un resultado, o poema, este debe ser expositivo e claro. De aí, por exemplo, que en moitos dos seus poemas o seu profundo coñecemento da prosodia estea como agochado, como invisíbel nunha primeira ollada.

Un dos seus poemas é unha longa "Crónica persoal" que empeza na súa infancia e remata con Puig Antich...

Este poema, escrito na esteira de "In memoriam" e de "Poema inacabat," do citado Ferraté, un poeta ao que Xoán-Manuel admiraba, como admiraba a Jaime Gil de Biedma ou a Philip Larkin, é un poema inédito, que debeu escribir cara a 1981-82 persoalmente, fálárame del cara ao ano 84. No poema vai repasando a súa vida, a súa nenez tanto en Galiza como en Barcelona, as estadias no Castro Caldelas, a terra de seu pai e a súa patria de elección, a súa familia, as súas amizades, galegas e non galegas, a súas vivencias, etc. Mais ao final o poema convértese nunha reflexión sobre o vivir de cada día e sobre o futuro que lle espera, sobre a poesía, sobre a propia poesía, sobre a lingua...

Tamén hai moitos textos sobre a alegría de vivir, eróticos, cidades...

Claro, Xoán-Manuel Casado era un poeta de experiencias, de vivencias, o que non quere dicir un "poeta da experiencia", aínda que se poida incluír nunha antoloxía dese tipo de poetas. A "poesía da experiencia" é de raíz romántica, e Xoán-Manuel era, na tona, un anti-romántico, de aí que no canto de ver no poeta un profeta, o anunciador de tempos novos e menceses que acaban sendo sanguinolentos, fíxese os seus poemas

sobre o día a día, sobre o vivir cotiá. E malia que como todo ser humano tivese os seus momentos de amargura -en certo sentido a súa poesía e a amarga aceptación dunha realidade amarga-, gustaba das cidades, da diversión, dos encontros eróticos, da amizade; e sempre, repítoo, sempre, cunha ollada irónica e autoirónica que abranguía todos os aspectos do vivir cotiá. Escribiu moitos poemas sobre a alegría de vivir, sobre a cidade ♦sobre todo a amada Barcelona♦, sobre encontros eróticos en hoteis (*meublés*), etc., mais no fondo destes poemas paira a "a condición imbatíbel da alienación na nosa sociedade".

Di vostede que deixou inéditas outras obras de narrativa e teatro. Adiántenos un pouco.

Eu coñezo tres novelas. Unha delas dixéralle unha editora galega que lla ía publicar, mais nunca soubo máis do tema. Era unha novela divertida, sobre un escritor que escribe novelas de xénero baixo pseudónimo e un día, pola súa obra "seria", é elixido numerario da academia, e aí comezan as súas dúbidas morais e as súas dúbidas literarias, sobre a importancia dunha ou outra literatura. Das outras dúas non lembro moito. Unha trataba o tema do "heroe e o traidor", na esteira do conto de Borges "Tema del traidor y del héroe"; e a outra era unha especie de crónica barcelonesa, con moito alcohol polo medio. Canto á obra teatral, só podoo dicir que me parece moi achegada ás propostas teatrais do austríaco Thomas Bernhard. Tamén deixou escritos uns trinta relatos, e unha especie de dietario que é difícil recopilar ordenadamente, xa que os apuntes están a man, a máquina, en cadernos, en follas soltas, etc. E un diario que apareceu na revista "O Pote".

Insiste en que era un escritor diferente aos seus contemporáneos galegos...

Era completamente diferente dos seus contemporáneos. Non só tematicamente, senón porque, el, que non era mallarmeán, aprendeu a lección do poeta francés (talvez a lección tirouna de Jorge Guillén): usar as palabras de cada día cargándoas de sentido. Iso por unha parte, e, por outra, e aquí limitome a reproducir unhas palabras do meu prólogo, o outro, espléndido, é de Basilio Losada: "o poeta non escolle, como fixeran os seus maiores e moitos dos seus contemporáneos, e como farán poetas posteriores a el dentro da poesía galega, o camiño da acusación, nin, quizais, do rexeitamento. Esta falta de revolta, é o punto máis extremo da amargura. Un abafante sentido da inevitabilidade de que o mundo non pode deixar de ser o que é: a vida programada en función da masificación, o cotián medido e esmagado polo capitalismo contemporáneo, a alienación acollida como un valor absoluto, a morte planeada...."

O libro ábrese cun retrato de Casado feito por Luís Seoane. Que contacto tiña con el e co galeguismo de Bos Aires?

A Luís Seoane tratouno durante os anos que estivo en Madrid a preparar as oposicións ao que entón se chamaba o Instituto Nacional de Previsión (a Seguridade Social). Naqueles anos madrileños tratou non só a Seoane, senón tamén a Lorenzo Varela e Celso Emilio Ferreiro, e a Eduardo Blanco Amor, mais a este coñecíao xa de Barcelona (alguén, algún día, deberá escribir sobre as xeiras barcelonesas de Blanco Amor). Ora, co galeguismo de Buenos Aires, co galeguismo que se daba en Arxentina naquel tempo (finais dos 60 até 1976), e que estaba dirixido por Valentín Fernández, en enfrontamento directo cos Seoane, os Blanco Amor, etcétera, o contacto de Xoán-Manuel foi nulo.

Xoán-Manuel Casado foi un dos impulsores dunha revista singular, "O Pote", do Grupo Anónimo de Barcelona. Fálenos sobre ela.

Permitírame que, de momento, fale pouco desa revista, da que eu era o responsábel e, digamos, coordinador. En decembro deste ano cumpríranse dez anos do seu nacemento, ese será o momento de falar un pouco daquela experiencia divertida.

Se tivese que resumir en poucas palabras a obra de Xoán-Manuel Casado...

Resumir en poucas palabras a obra de calquera poeta é unha tarefa imposible. Orabén, se alguén gosta dunha "poesía que ordena a experiencia, que no poema tende a presentar unha tema racionalmente concibido coa emoción que lle necesaria" (Arthur Terry), emoción que nace da ordenación das palabras, non dos sentimentos do poeta, ten en Xoán-Manuel Casado o seu poeta.

E a el, como persoa...

Era divertido, xeneroso até o dispendio, sensato e alocado, autoirónico e irónico, tanto coas obras como coas persoas, valente cando debía selo, é dicir, no seu emprego, onde se enfrontou con verdadeiros gángsteres, motivo polo que foi denunciado por un líder da extrema de Cataluña (Xoán Manuel gañou o preito) e sufriu, el, e mais a súa familia, ameazas de morte. Asustadizo cando tiña que enfrontarse a un can, aborrecía do deportes e amaba as touradas, a música e a pintura, e por suposto a literatura. Era amábel e irritábel, dificilmente se cabreaba, e se cabreaba, axiña se lle pasaba. Educadísimo até extremos que eu non comprendía. (Lembro unha vez, alá polo 1969, que se presentou no Centro Galego a esposa dun amigo: o saúdo de Xoán-Manuel foi bicarlle a man, daquela neste país, entre as clases medias, só se lle bicaba a man aos curas.). E como escribiu de si mesmo, amaba as rupturas silenciosas, é dicir, "voume e non me acordo de regresar". Un día de xaneiro de hai cinco anos rompeu con todos nós e non se acordou de regresar, non poderá regresar, mais aos que fomos os seus amigos nos queda a súa poesía, o recordo compartido da súa amizade.